



# ¡NÓS SOMOS VÓS! XUNTOS DECIDIMOS

Ideas para unha  
**Redondela con futuro**



Somos unha agrupación de veciños/as de Redondela preocupados polo noso pobo e concienciados de que traballando xuntos e xuntas pódense cambiar as cousas. Non nos vemos reflectidos en ningún dos partidos presentes en Redondela. Non somos un partido político, a nosa única pretensión é crear unha canle de comunicación real entre o pobo e o Concello, fomentando a participación activa de toda a veciñanza.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

#### ✓ **Transparencia:**

- Estructuras de comunicación abertas, amosando o que se realiza no concello, analizándoo e poñendo a información a disposición de tódala cidadanía.
- Procesos públicos, xustos e claros en tódalas actuacións levadas a cabo pola administración local.
- Transparencia da agrupación propiamente dita.
- Tolerancia cero coa corrupción.

#### ✓ **Participación e democracia:**

- Implicar ás diferentes asociacións veciñais, culturais, deportivas de mozos e mozas, sectoriais, etc.
- Informar e darlle publicidade ás diferentes actividades e campañas.
- Que a veciñanza poida decidir en que se inviste parte dos orzamentos.

#### ✓ **Igualdade, inclusión e servizos sociais:**

- Aposta pola equidade, universalización e xustiza social fronte á caridade.
- Fomento da Responsabilidade Social Corporativa.
- A educación como base dun modelo social xusto.

#### ✓ **Un pobo sostible:**

- Fomento do transporte público adaptado á realidade e ás necesidades do municipio.
- Xestión de residuos universal, eficiente e respectuosa co medio.
- Coidado e respecto dos ríos, montes, vexetación e fauna autóctona, animais domésticos e espazos singulares e protexidos
- Modelo urbanístico racional, equilibrado e destinado ás persoas.

#### ✓ **Fomento do emprego local:**

- Potenciar o pequeno comercio, aos produtores locais e as actividades respectuosas co medio ambiente.
- Favorecer nas contratacións públicas as empresas que empreguen máis residentes no concello, persoas con discapacidade, etc.
- Aposta pola mocidade como futuro motor do municipio.

#### ✓ **Control e equilibrio das contas municipais:**

- Non ao despilfarro dos cartos públicos.
- Fiscalización permanente e plena das contas e orzamentos do Concello.
- Adecuar os salarios dos cargos públicos á realidade socioeconómica.
- Descentralización do gasto cara a periferia.

#### ✓ **Cultura, educación e deporte:**

- Dignificación do patrimonio cultural material e inmaterial.
- Dinamización e apoio ao tecido asociativo e ás súas actividades.
- Restituír o galego como lingua oficial e oficiosa da administración local e das súas actividades.
- A educación como base dun concello para as persoas.
- Potenciar a pedagogía a través do deporte.

Síguenos en:



[www.aeredondela.com](http://www.aeredondela.com)



[facebook.com/AERedondela](https://facebook.com/AERedondela)



[twitter.com/AER\\_Redondela](https://twitter.com/AER_Redondela)

**CONTACTA con nós:**

[info@aeredondela.com](mailto:info@aeredondela.com)

**Pode consultalo**

**“PROGRAMA AER2015 COMPLETO”**

**na nosa web**

## Ideas para unha Redondela con futuro

Escollemos o **Ensino** como punto de partida, porque consideramos que é un dos piares da nosa sociedade, no que se debería apoiar calquera iniciativa política.

Entendemos que investir en educación, é investir no futuro, nun futuro no que os cidadáns poidamos ser máis libres, críticos, responsables e participativos.

Queremos que o **Deporte** e a **Cultura** sexan instrumentos educativos, que nos axuden no camiño que temos por andar:

O **Deporte** como medio de aprendizaxe para a convivencia na diversidade e no respecto ás diferenzas.

A **Cultura** entendida como necesidade social, que ademais de achegarnos coñecementos, fai máis doada a aproximación ao que nos rodea. Unha Cultura desenvolvida de abaixo cara arriba, vencellada á escola, e atenta á preservación e difusión dos valiosos **Recursos Patrimoniais** cos que contamos.

Cremos que o de educar e educarnos debe ser unha tarefa decontino, dende o principio ao final dos nosos días, na que participemos todos: os nenos e nenas, a mocidade, os nosos maiores... para medraren uns coas achegas dos outros.

Apostamos por unha **Participación** que atravesese toda a actividade política, no convencemento da **Igualdade** entre a cidadanía, na capacidade persoal de ser quen de formar parte das determinacións dos destinos colectivos.

Pero para que esta sexa posible deberá ir acompañada dunha **Transparencia** que nos permita estar informados. Neste sentido, as **Novas Tecnoloxías** están chamadas a ser unha ferramenta fundamental.

Conscientes da brecha social entre a **Igualdade** legal e a real, entendemos que é necesario e urxente traballar a prol da aplicación de medidas que corrixan e reduzan progresivamente a desigualdade, dende tódalas instancias do noso Concello, e particularmente dende uns **Servizos Sociais** baseados na xustiza, e non na caridade.

Propoñemos un **Desenvolvemento Local** que poña o foco na dinamización dun sistema produtivo e social que aproveite os recursos propios, e minimize a utilización dos externos.

Tamén é a nosa proposta, unha **Xestión Económica** que recupere os servizos públicos privatizados, que aplique unha fiscalidade con criterios encamiñados a unha xusta redistribución das cargas impositivas, a favor das rendas baixas, e que maximize o retorno cos mesmos recursos.

En canto ao espazo da nosa Vila, entendémolo como unha dimensión máis do ser humano, con personalidade identificable, non como un lugar de tránsito, senón para vivir e compartir historias; o espazo das nosas vidas!

Aínda que teñamos vehículo, todos somos peóns, por iso cremos que o **Modelo Urbanístico**, deberá tender a priorizar ao viandante, e a desenvolver un Plan de Ordenación racional, baseado na autonomía, identidade, accesibilidade, e sostibilidade social, económica e medioambiental.

O papel imprescindible que o **Medio Ambiente** ten como base da propia vida, alén dos moitos beneficios físicos e mentais que nos proporciona, obríganos, social e moralmente, a protexelo das agresións ás que, inevitablemente, o sometemos. Por iso queremos atopar alternativas que eviten ou reduzan a degradación que estamos a provocar na natureza.

Cremos que a xestión ambiental non debe ser contemplada nunca coma un gasto, senón coma un recurso para o futuro.

Coa complicidade de todos/as no goberno do noso concello, poderemos enfrontar mellor os problemas, e aproveitar as oportunidades que nos ofrezca o camiño.